



REGULAMENTO V CARREIRA NOCTURNA CIDADE DE NARÓN.

Artículo 1. Presentación da proba.

O Concello de Narón , en colaboración co Club Pasa ou Entorna , organiza a **V Carreira Nocturna Cidade de Narón**. Disputarase o vindeiro 17 de Agosto do 2024 as 21:30h, con saída e chegada na Praza de Galicia situada en dito concello.

Artículo 2. Inscripcións.

Realizaráse na páxina **sportmaniacs.com** ou a través da **app saudeter live** , ata o día **13 de agosto de 2024 as 12:00h (12:00h da mañan)** o pecho será de **7€**. Non se admitirán as inscricións posteriores a dita data e haberá un límite de 500 inscritos.

Artículo 3. Categorías.

Todas as categorías saíran ao mesmo tempo sendo a distribución das mesmas as seguintes:

- Senior	Idades 16-34	Distancia	7.000m	Hora de saída	21.30h
- Veterano A	Idades 35-44	Distancia	7.000m	Hora de saída	21:30h
- Veterano B	Idades 45-54	Distancia	7.000m	Hora de saída	21:30h
- Veterano C	Idades 55 en diante	Distancia	7.000m	Hora de saída	21:30h

A idade será a que se teña o día da celebración da proba.

Poderán participar todos aqueles corredores que o desexen que cumpran o requisito de ter cumpridos os **16 anos** o día da celebración da proba.

Artículo 4. Premios.

- Habrá premios/trofeos para os tres primeiros clasificados masculinos e femininos tanto da categoría xeral , así como os tres primeiros clasificados de cada categoría , non sendo os premios acumulativos.

- Habrá tamén un agasallo para o corredor e a corredora de maior idade.

- Habrá un premio “ **GADIS** ” especial ao corredor e a corredora que recorra no tempo mais breve o tramo de subida a “Picotiña” . Será un tramo especial cronometrado que estará perfectamente sinalizado pola organización (450m aproximadamente). Premio para o home e a muller mais rápidos nese tramo , e que ademais **queden clasificados nos 30 primeiros postos do seu sexo na clasificación xeral.**

En caso de empate no tempo acadado neste tramo entre dous ou mais corredores/as , resultará gañador do premio o mellor clasificado/a na clasificación xeral da proba.

- Habrá un premio especial **ao clube con mais corredores inscritos na categoría absoluta** , que consistirá nun **cheque de 200€** para canxear no “ **Mesón La Bodeguilla** ” situado na Estrada de Castela 467 Narón , para unha comida ou cea en dito local.

En caso de empate entre un ou varios clubes no número de corredores inscritos , resultará gañador do premio o club que inscribira antes aos seus corredores.

Este cheque terá unha caducidade de 3 meses dende o día da celebración da proba , e para poder canxealo e necesario poñerse en contacto con anterioridade co Mesón La Bodeguilla .

O club organizador desta carreira , “ Pasa ou Entorna ” queda excluído para esta premio.

Artículo 5. Carreiras de menores.

A partir das 20:00h comencarán a celebrarse as carreiras das categorías dos menores , cun límite de participación para todas elas de 200 menores . Ás categorías e os horarios serán os seguintes, puidendo a organización da proba realizar varias tandas dentro de cada unha das categorías , así coma modificar o trazado de algunha ou varias das mesmas no último intre para garantir a seguridade dos menores.

Ainda que a organización intentará cumprir con exactitude o horario establecido , algunha das carreiras poderá sufrir algún tipo de retraso dependendo da cantidade de menores inscritos en cada unha delas.

Estas categorías de menores non terán nin clasificación nin trofeos , no seu lugar entregarase a cada un dos participantes unha medalla e un agasallo final , para que todos os menores poidan desfrutar por igual dunha proba que consideramos que non debe ser competitiva nesas idades.

- 20:00h **Categoría Gazapos**, nados en 2020, 2019, 2018 e 2017. Distancia aproximada 100m.
- 20:20h **Categoría Coelliños**, nados en 2016 e 2015. Distancia aproximada 450m.
- 20:35h **Categoría Coellos**, nados en 2014, 2013 e 2012. Distancia aproximada 650m.
- 20:50h **Categoría Lebres**, nados en 2011, 2010 y 2009. Distancia aproximada 1200m.

A inscrición terá un prezo de **1€** por menor inscrito , e será na mesma páxina que os maiores ; **sportmaniacs.com** ou a través da **app saudeter live**.

Artículo 6 . Aseos

A organización da proba poñerá á disposición dos participantes aseos , que estarán situados no antigo auditorio da Praza de Galicia . Non haberá duchas.

Artículo 7. Responsabilidade dos participantes e da organización .

Tódolos inscritos participan voluntariamente e declaran , baixo a súa responsabilidade, realizar o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións físicas óptimas para realizar a proba, eximindo a organización de dita responsabilidade .

A organización responsabilizarase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade no caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do participante.

Disporá dos servizos médicos, de acordo coa lexislación vixente e coa colaboración de Protección Civil e a Policía Local nos puntos máis estratéxicos do percorrido.

Non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa ou errónea por parte do corredor , ou dalgún participante que realice a proba sin estar debidamente inscrito na mesma e/ou sin dorsal acreditativo de ter pagada a inscrición para a participación da mesma .

Os seguros do evento **NON** cubren ás persoas maiores de 69 anos, que poderán participar na carreira baixo a súa responsabilidade e coberturas médicas propias.

Artículo 8. Recollida de dorsais.

A recollida de dorsais realizarase o **venres 16** en horario de 18:00h a 21:00h en **DEQUIP GALEA SPORT** , C/Batalla de Brión 1 Bajo Ferrol , e o **sábado 17** día da celebración da proba en horario de

mañan de 10:30 a 13:00 e en horario de tarde de 19.00h ata 30min antes da proba , entregaranse os dorsais no antigo auditorio de Narón na mesma Praza de Galicia , zoa de saída da proba.

Artículo 9. Dereitos de imaxen.

Todo/as participantes aceptan e dan o seu consentimento á organización para que poida utilizar as imaxes, videos e son dos participantes durante a proba, incluíndo momentos previos e posteriores, dende a recollida de dorsais e entrega de premios , para a promoción e difusión da proba sen nengún límite temporal para utilizalos , e nunca para o perxuício das persoas.

No caso das carreiras de menores entenderase que o consentimento o da a persoa que realiza a inscripcion do menor.

Artículo 10. Normas para os participantes.

Os participantes deberán correr co dorsal colocado no peito todo o recorrido, seguindo as indicacions da organización.

Ningún vehículo alieo á organización poderá acompañar a ningún corredor, xa que suporá motivo de expulsión inmediata da competición.

Artículo 11. Reclamacións/Duración da proba.

Todas as reclamacións faranse verbalmente ó Xuiz árbitro situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

A duración da proba será de 60 minutos , os corredores que non cheguen nese tempo serán descalificados.

Apendice . Plano recorrido . Planos recorridos das carreiras de menores.


Plano recorrido carrera absoluta




Plano recorrido categoría gazapos (100m aprox)



Plano recorrido categoría coelliños (450m aprox)



Plano recorrido categoria coellos (650m aprox)



Plano recorrido categoria lebres (1200m aprox)

